



Guía Docente				
Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)	Química Orgánica Avanzada		Código	610G01030
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Química Fundamental			
Coordinación	Jimenez Gonzalez, Carlos		Correo electrónico	carlos.jimenez@udc.es
Profesorado	Jimenez Gonzalez, Carlos		Correo electrónico	carlos.jimenez@udc.es
	Quintela Lopez, Jose Maria			jose.maria.quintela@udc.es
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende afondar no coñecemento do alumno sobre as estratexias sintéticas mis modernas na química orgánica da actualidade, con énfase nos aspectos estereoquímicos de reaccións orgánicas. Por iso, discutiranse novos conceptos no estudo estereoquímico dos compostos orgánicos e as súas reaccións, os aspectos fundamentais da análise retrosintética e as estratexias xerais de síntese orgánica. Particularmente veráanse os principais tipos de reaccións orgánicas na formación do enlace carbono-carbono e do enalce carbono-heteroátomo. Verase tamén algunhas técnicas avanzadas no laboratorio de Química Orgánica.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
? Coñecer os principios máis importantes da estereoquímica e análise conformacional dos compostos orgánicos	A1 A9	B2	C1
? Prever e explicar a evolución estereoquímica de reaccións químicas orgánicas	A1 A9		
? Coñecer as principais características, as principais teorías explicativas e os mecanismos das principais reaccións de formación do enlace C-C e C-heteroátomo	A1 A4 A14 A15 A16 A25	B2	C1
? Coñecer os métodos de interconversión máis usados dos principais grupos funcionais	A1 A4 A14 A16	B2 B3	
? Coñecer os principais obxectivos da síntese orgánica, das principais estratexias de desenvolvemento de terminoloxía e do análise retrosintético.	A1 A4 A14 A16 A25	B2	C6
? Coñecer algunhas técnicas avanzadas no laboratorio de Química Orgánica	A17 A20 A22 A26	B2 B3 B5	C6 C8



Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Estereoquímica e análise conformacional	Estereoquímica estática. Estereoquímica dinámica: Selectividade i especificidade en reaccións químicas (Reaccións quimio-, regio-, estereoselectivas i específicas). Análise conformacional: Conformación e reactividade.
Tema 2. Reaccións pericíclicas	Introducción: características e teorías explicativas. Reaccións electrocíclicas, cicloadicións e reaccións sigmatrópicas
Tema 3. Reaccións radicalarias	Obtención e factores que determinan a estabilidade dos radicais. Tipos de reaccións radicalarias
Tema 4. Formación de enlaces carbono-carbono con enoles i enolatos	Alquilación, acilación e adición conxugada de enoles i enolatos
Tema 5. Formación de enlaces carbono-carbono con organometálicos	Reaccións con reactivos organometálicos. Reaccións que implican complexos de metais de transición
Tema 6. Formación de enlaces carbono heteroátomo	Formación de enlace entre o carbono e o osíxeno, nitróxeno, halóxeno e xofre. Aplicacións dos organoboranos na formación do enlace carbono-heteroátomo.
Tema 7. Reaccións de interconversión de grupos funcionais	Reaccións de preparación e interconversión dos principais grupos funcionais
Tema 8. Grupos protectores	Introducción: características e grupos ortogonais. Protección de grupos hidroxilo, dioles, grupos carbonilo de aldehídos e cetonas, ácidos carboxílicos e aminas
Tema 9. Análisis retrosintético	Plantexamento sintético. Metodoloxía do análise retrosintético. Tipos de transformacións: desconexión, conexión, transposición, interconversión, adición e supresión de grupos funcionais. Estratexia xeral do análise retrosintético. Aspectos económicos. Exemplos de síntesis totais

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Sesión maxistral	25	62.5	87.5
Solución de problemas	9	18	27
Prácticas de laboratorio	10	15	25
Proba mixta	4	4	8
Atención personalizada	1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Consistirá en presentar ao alumno unha introdución da materia e explicar as tarefas que ten que realizar ao longo do curso así como as metodoloxías, os métodos de avaliación e a bibliografía máis importante. Levarase a cabo o primeiro día de clases
Sesión maxistral	Proponse levar a cabo 25 sesións de clases maxistrais en grupo único onde desenvolveranse os contidos teóricos da materia acompañados dos correspondentes exemplos ilustrativos. Consistirá maioritariamente en presentacións de Power Point. Os alumnos terán, con suficiente antelación, as copias das correspondentes presentacións a través da aplicación Moodle da materia, co fin de que o alumno poida preparar previamente a materia que se vai a impartir ademais de facilitar o seguimento das explicacións. Fomentarse en todo momento a participación interactiva do alumno.
Solución de problemas	Proponse levar a cabo 9 sesións de seminarios de problemas de grupo reducido onde os alumnos resolverán os problemas expostos polo profesor nos boletíns correspondentes. Os alumnos disporán con suficiente antelación dos devanditos boletíns a través da aplicación Moodle da materia para que os elaboren individualmente antes do inicio destas clases. Utilizaranse tamén para resolver as dúbidas que vaian xurdindo ao dar o temario.



Prácticas de laboratorio	Propónse levar a cabo 3 sesións de traballo nos que o alumno terá que realizar os experimentos programados. Os alumnos disporán con suficiente antelación do guión e da información dos devanditos experimentos a través da aplicación Moodle da materia coa finalidade de podan preparala individualmente antes do inicio das prácticas. O alumno terá que demostrar antes de entrar no laboratorio o seu grao de coñecemento do experimento. O seu desenvolvemento deberá de plasmalo nun caderno de laboratorio que terá que entregar finalizada as prácticas.
Proba mixta	O alumno terá que realizar por escrito un exame parcial e outro exame final na data fixada no calendario de exames aprobado na Xunta de Facultade onde se avaliará de forma global o nivel de coñecementos e competencias adquiridos polo alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Prácticas de laboratorio	Esta actividade enfócase principalmente na resolución das dúbidas que teña o alumno cando tente de forma individual a resolución dos problemas que lle foron encomendados. Levarase a cabo no horario de tutorías do que dispón o profesor.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	Avaliarase a asistencia do alumno a estas clases e valorarase a súa participación activa mediante a formulación de preguntas tanto nas clases como a través do correo electrónico. Tamén se avaliará o grao de acerto na resolución dos problemas encomendados aos alumnos a través dos boletíns. Avaliaranse as competencias A15, B2, B3 e C6.	15
Prácticas de laboratorio	En primeiro lugar, avaliarase mediante unha entrevista persoal, antes do inicio das prácticas, o grao de preparación das mesmas. A continuación, o traballo desenvolvido no laboratorio avaliarase desde o punto de vista de organización, habilidade e rigorosidade do manexo do material e reactivos. Por último, avaliarase a elaboración do caderno do laboratorio que o alumno entregará ao final das prácticas. A realización e superación das prácticas é condición necesaria para alcanzar a cualificación de apto. Unha vez realizadas o alumno non poderá ser considerado como Non presentado. Avaliaranse as competencias A16, A17, A20, A22, A25 e C8	15
Proba mixta	As probas mixtas consistirán en exames escritos onde o alumno terá que resolver problemas similares aos realizados nas clases de solución de problemas. Haberá dúas probas mixtas: unha primeira proba ou exame parcial que terá lugar aproximadamente na metade de cuadrimestre e o exame final que realizarse na data determinada no calendario fixado pola Xunta de Facultade. O exame parcial ten carácter eliminatorio, de tal forma que o alumno que pase dita proba non terá que examinarse desa parte no exame final. Avaliaranse as competencias A1, A4, A9, A14 e A26, C1 e B5.	70

Observacións avaliación

A superación das prácticas de laboratorio é un requisito imprescindible para superar a materia.

Para superar a materia o alumno terá que asistir á totalidade das prácticas do laboratorio, conseguir en cada unha das contribucións que contabilizan na avaliación unha nota non inferior ao 45% e lograr unha cualificación media igual ou maior de 5 puntos.

Un alumno considerárase Non presentado no caso de que non se presente á Proba mixta (exame final) e non realice as prácticas do laboratorio.

O alumno terá dúas oportunidades, a primeira en xaneiro e a segunda en xullo. Os alumnos que se presenten á segunda oportunidade conservarán a cualificación obtida nas prácticas de laboratorio, e realizarán unha nova proba mixta nas datas determinadas polo calendario fixado pola Xunta de Facultade cuxa cualificación substituirá á obtida en xaneiro. Nesta segunda oportunidade avaliarase as actividades relacionadas coa solución de problemas na proba mixta.

Os alumnos que sexan avaliados na segunda oportunidade só poderán optar á matrícula de honra se o número máximo destas para o curso, de acordo coa normativa académica, non se cubriu na súa totalidade na primeira oportunidade.

Nos seguintes cursos académicos, o alumno terá que realizar todas as actividades que sexan programadas para o devandito curso.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Carda, M., Marco, J.A., Murga, J., Falomir, E. (2010). Análisis retrosintético y síntesis orgánica. Castellón de la Plana, Universitat Jaume I - Quiroga Feijóo, M. L (2007). Estereoquímica: conceptos y aplicaciones en química orgánica. Madrid, Síntesis - Harwood, L. M.; Moody, C. J.; Percy, J. M. (1999). Experimental Organic Chemistry. Standard and microscale 2º Ed.. Oxford: Blackwell Science - Clayden, J.; Greeves, N.; Warren, S.; Wothers, P., (2001). Organic Chemistry. Oxford, University Press - McMurry, J. (2000). Química Orgánica. México. Thomsom - Ege, S. (1997). Química Orgánica: Estructura y reactividad. Barcelona. Reverté
Bibliografía complementaria	- Carey, F. A.; Sundberg, R. J. (2007). Advanced Organic Chemistry 5º Edición. New York: Springer - Smith, M. B.; March, J (2007). March's Advanced Organic Chemistry 6º Ed.. New York: Wiley - Norman, R. O. C.; Coxon, J. M. (1993 (2001 imp.)). Principles of Organic Synthesis. Cheltenham (RU): Nelson Thornes - Carda, M., Rodríguez, S., González, F., Murga, J., Falomir, E., Castillo, E. (1996). Síntesis Orgánica. Resolución de problemas por el método de la desconexión. Castellón de la Plana: Universitat Jaume I - Eliel, E. L., Wilen, S.H. (1994). Stereochemistry of organic compounds. New York : John Wiley & Sons

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Médica/610G01040

Traballo de fin de Grao/610G01043

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Química Orgánica 1/610G01026

Química Orgánica 2/610G01027

Ampliación de Química Orgánica/610G01028

Experimentación en Química Orgánica/610G01029

Laboratorio de Química/610G01032

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías